

PARA A MISA NO DÍA DE PASCUA

PRIMEIRA Feit 10, 34a. 37-43

Temos comido e bebido con el despois que resucitou de entre os mortos

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela, tomou Pedro a palabra e dixo:

Vós sabedes o que pasou en toda a Xudea, comenzando desde Galilea, despois do bautismo que Xoán predicou: como Deus unxiu con Espírito Santo e con poder a Xesús de Nazaret, que pasou facendo o ben e curando a todos os que estaban asoballados polo mal; pois Deus estaba con el. E nós somos testemuñas de todo o que fixo no país dos xudeus e mais en Xerusalén. Matárono, colgándoo dun madeiro. A este resucitouno Deus ao terceiro día e concedeulle que se deixase ver, non de todo o pobo, senón das testemuñas escollidas de antemán por Deus: nós que comemos e bebemos con el, logo de que resucitou de entre os mortos. E mandounos que predicásemos ao pobo e atestemos que el é quen foi constituído por Deus xuíz de vivos e de mortos. El é de quen todos os profetas dan este testemuño: todos os que crean nel recibirán polo seu nome o perdón dos pecados.

SALMO RESP. Sal 117, 1-2. 16ab-17. 22-23

R/ (24): Este é o día que fixo o Señor; exultemos e alegrémonos con el.

Ou: Aleluia

Louvade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.
Que o diga a casa de Israel:
o seu amor é eterno;

a dereita do Señor é poderosa,
a dereita do Señor é valente.
Non hei morrer, vivirei
e cantarei os feitos do Señor.

A pedra que desbotaron os canteiros
convértese en pedra angular.
Isto é cousa do Señor,
admirable feito á nosa vista.

SEGUNDA

Col 3, 1-4

Buscade as cousas de alá enriba, onde está Cristo

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA
DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS COLOSENSESES**

Irmáns e irmás:

Se resucitastes con Cristo, buscade as cousas de alá enriba, onde Cristo está sentado á dereita de Deus; arelade o de arriba e non o da terra. Vós morrestes e a vosa vida está agachada con Cristo en Deus. Cando se manifeste Cristo, que é a vosa vida, daquela tamén vós vos manifestades con El revestidos de claridade.

ALELUIA 1 Cor 5, 7b-8a:

**Foi inmolado Cristo, a nosa Pascua;
así que celebremos festa no Señor**

PARA A MISA NO DÍA DE PASCUA

EVANXEO Xn 20, 1-9

É necesario que resucite de entre os mortos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, o día primeiro da semana María a Magdalena foi ao sepulcro moi cedo, cando aínda era escuro, e viu que a pedra do sepulcro estaba quitada. Botou a correr e, chegando onda Simón Pedro e onda o outro discípulo a quen amaba Xesús, díxolles:

-Colleron do sepulcro o corpo do Señor, e non sabemos onde o puxeron.

Pedro e mailo outro discípulo saíron correndo cara ao sepulcro. Corrían os dous á par. Pero o outro discípulo correu más lixeiro ca Pedro, e chegou primeiro ao sepulcro. Abaixándose, viu que estaban os lenzos, pero non entrou. Entón chegou tamén Simón Pedro, que o seguía, e entrou no sepulcro. Viu os lenzos pousados alí. Pero o sudario que envolvera a súa cabeza, non estaba cos panos, senón á parte, enrolado noutro lugar. Entón entrou tamén o outro discípulo, que chegara primeiro, ao sepulcro; viu e creu. (Pois aínda non entenderan que, conforme a Escritura, era preciso que resucitase de entre os mortos). Entón os discípulos voltaron para a casa.